

ELCORREOGALLEGO O CORREO GALEGO

Longina e Flexo presentan o Festival IFI de Pontevedra

Os músicos e vídeo-artistas vigueses Longina e Flexo presentarán o próximo día 11 de xaneiro a programación do Festival IFI 2003 de Pontevedra e ofrecerán unha actuación na quinta edición do Festival Zemos 98, que se celebrará en Sevilla entre o 4 e o 13 de xaneiro.

A presentación terá lugar a partir das 23.00 horas, mentres que no concerto, que comezará ás 23.45 horas, ofrecerase unha mostra de sons con diferentes sucesións de imaxes que contan coa peculiaridade de non tentar contar ningunha historia, senón ser simplemente unha mostra do paso do tempo.

O festival sevillano conta entre a súa programación con proxeccións de curtas que foron expostas en festivais nacionais e internacionais, conferencias, talleres e concertos, entre outras actividades que converten a este evento nun "irmán" do IFI, que se desenvolve en Pontevedra. Para eles a definición do audio pasa pola linguaxe sen significado, simple e escuro significativo. Enigma indescifrable. Pensamento exento de imaxes e de imaxinario.

Longina e Flexo ofrecen sons e imaxes que non emiten consignas nin mensaxes de ningún tipo. Pásase do significativo ó referente sen significado, ou ben da pulsión ó efecto sen representación. Non conta historias nin relatos, non fai preguntas, é o tempo que fala. A voz do tempo. O aire que circula, a banda sonora do tempo real.

SANTIAGO

E. P.

LINK A ARTIGO ORIGINAL:

http://www.elcorreogallego.es/periodico/canales/noticias/03_01n5.htm